

O LIBRO BLANCO DE LA PESCA: UN INSTRUMENTO PARA A COMPETITIVIDADE

ELENA ESPINOSA MANGLANA
Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

Recibido: 28 de outubro de 2005

Aceptado: 21 de abril de 2006

A situación do noso sector en España e a aplicación de medidas comunitarias na política pesqueira común están conformando un escenario no que cómpre facer unha análise polo miúdo da realidade actual (problemas e solucións a través de series históricas da pesca española).

O 1 de xaneiro de 2006 cumpríronse vinte anos desde que España entrou a formar parte de pleno dereito da Unión Europea. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, marcouse o desafío de retratar o estado actual do sector pesqueiro español no que interactúan multitude de factores e propoñer solucións que garantan a viabilidade do noso sector.

Este reto esixe unha análise cun dobre obxectivo a través das modificacións tecnolóxicas, sociolóxicas, económicas e institucionais que se experimentaron nos últimos tempos. A través deste diagnóstico exhaustivo, poderanse obter recomendacións e propostas que nos identifiquen as deficiencias que deben eliminarse, así como as estratexias de desenvolvemento pesqueiro.

Neste sentido, constituíuse unha mesa de debate formada por especialistas de recoñecida autoridade no campo empresarial, pesqueiro e tamén por responsables, científicos e expertos na investigación e no desenvolvemento tecnolóxico aplicable ao sector pesqueiro. Con todo, para o tratamento particular e diferenciado dos distintos aspectos que afectan á pesca española, creáronse oito comisións que se están encargando de recoller toda a información necesaria para elaborar un retrato da pesca no noso país. As comisións son as seguintes:

- Recursos Pesqueiros.
- Estructuras Pesqueiras.
- Control, Inspección e Vixilancia.
- Transformación e Comercialización.
- Asuntos Pesqueiros Internacionais.
- Acuicultura.
- Medidas Socioeconómicas e Alternativas de Diversificación.
- Investigación+Desenvolvemento+Innovación.

O método de traballo das comisións é, *a priori*, sinxelo. Cada unha delas convoca en diferentes mesas ás asociacións, aos organismos oficiais, ás organizacións e ás empresas que considera pertinentes para tratar temas de importancia crucial para a pesca. Os convidados ás mesas discuten e dan a súa opinión respecto dos puntos incluídos nun guión elaborado previamente polos integrantes da comisión.

Polo que respecta ao calendario e ao estado actual das mesas organizadas polas comisións integrantes do *Libro blanco de la pesca*, cómpre indicar que no mes de setembro se retomaron os encontros e as xornadas técnicas convocadas, cuxo obxecto é recompilar os comentarios, as declaracións, as informacións, os datos e as opinións para, con todo iso, confeccionar a base que servirá para redactar as conclusións definitivas que se incluírán no documento final do *Libro blanco de la pesca*.

Estas mesas, que comezaron a ter lugar no mes de xuño baixo a coordinación das oito comisións creadas para abordar os grandes temas que conforman a realidade pesqueira española, concluirán no mes de novembro. Debido ao paro do sector pesqueiro, pospúxose a celebración dalgunha destas reunións, como a da Comisión de Estructuras Pesqueiras. Con todo, coa información recompilada ata ese momento iniciaránse en breve os labores de redacción que está previsto que culminen coa edición e publicación do dito libro nos primeiros meses de 2006.

En conclusión, este Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, marcouse un ambicioso plan articulado segundo distintos eixes e liñas de actuación que permita mostrar unha imaxe máis axustada do sector e no que se establezan unha serie de prioridades nas actuacións mediante as que se poidan sentar as bases para o desenvolvemento do sector pesqueiro.

ANEXO: TRABALLOS, ESTADO E DISCUSIÓN DAS COMISIÓNS

1. TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN

Dependendo da comisión, o número de mesas planificadas e o número de convocados a elas varía, posto que non todas as comisións posúen a mesma cantidade de participantes potenciais. Aquí reside unha das principais dificultades xa que, ás veces, chegaron a ser corenta os convocados a unha soa mesa na que estaban representados diferentes asociacións, empresas e organismos oficiais. É aquí onde unha planificación adecuada e cunha orde do día apropiada facilita o traballo nunha reunión tan multitudinaria. Este é o caso das mesas coordinadas pola Comisión de Transformación e Comercialización, que no mes de xullo realizou as dúas mesas que tiña previstas: o día 12 en Madrid e o día 27 en Vigo.

Á mesa que tivo lugar na capital de España asistiron máis de corenta persoas en representación dunha trintena de organismos oficiais, de asociacións do sector privado, de sindicatos e de Gobernos autonómicos. A mesa que tivo lugar en Vigo estivo máis orientada cara ao sector privado e contou coa asistencia das máis importantes asociacións de comercializadores, de distribuidores, de produtores e de transformadores do noso país. Esta comisión fixou unha última reunión a finais do mes de novembro en Madrid, aproveitando a

Conferencia Anual de Organizacións de Produtores, á que foron invitados representantes das comunidades autónomas, das confrarías pesqueiras e das asociacións do sector.

2. RECURSOS PESQUEIROS

Esta comisión enfrontábase ao reto de reunir a todos os representantes da flota pesqueira española con grandes diferenzas entre os seus integrantes, dependendo da súa localización xeográfica, da arte utilizada, da especie obxectivo, etc. Por esta razón, unha das premisas iniciais para que as mesas tiveran lugar foi a diferenciación por caladoiros para falar de asuntos como o estado dos recursos.

Ata este momento, a Comisión de Recursos Pesqueiros realizou cinco mesas: en Sevilla o 24 de xuño, en Alacante o 27 de xuño, en Lanzarote o 7 de xullo e na Coruña os días 19 e 20 de xullo, ás que asistiron representantes do sector pesqueiro extractivo do golfo de Cádiz, do Mediterráneo, do canario e do Cantábrico noroeste (o día 19 de xullo) e do Gran Sol, do golfo de Biscaia e do oeste de Irlanda o día 20 de xullo, respectivamente.

Con estas mesas puido tratarse en profundidade a problemática de todos os caladoiros nos que traballa a flota do noso país, facilitando o labor e evitando mesas excesivamente multitudinarias.

Ademais das mesas sobre caladoiros, o 14 de setembro tivo lugar en Mallorca unha mesa cun único obxectivo: tratar a relación do sector coa pesca recreativa. Valencia foi a cidade elixida para afondar na relación entre a pesca e o medio na xornada do 19 de outubro.

3. ACUICULTURA

A Comisión de Acuicultura contaba cunha certa vantaxe sobre o resto das comisións, posto que hai catro anos se publicou o *Libro blanco de la acuicultura*, co que a Administración e o sector privado se enfrontaron daquela ao reto de elaborar un retrato axustado desta parte do sector pesqueiro. Por esta razón, esta comisión propúxose o seu traballo como unha revisión completa e exhaustiva dos traballos e das conclusións realizados daquela.

A mesa que tivo lugar o día 13 de xuño foi a primeira do proxecto do *Libro blanco de la pesca*, e organizouse na Toxa (Pontevedra) aproveitando a 58ª reunión da Xunta Nacional Asesora de Cultivos Mariños (Jacumar). A ela asistiron os representantes das Administracións públicas relacionadas e revisouse o estado da acuicultura mariña desde o punto de vista daquelas Administracións. Un mes máis tarde, o 11 de xullo, en Madrid, e tamén aproveitando outro encontro –esta vez o da Asociación Empresarial de Produtores de Cultivos Mariños (Apromar)–, revisouse tamén o estado da acuicultura mariña, pero esta vez desde a perspectiva do sector privado.

O sector acuícola continental (troiteiros) reuniuse a propósito en Madrid o día 20 de setembro e, por último, os miticultores (sector mexilloeiro) foron convocados en Vilagarcía de Arousa o 17 de outubro.

4. MEDIDAS SOCIOECONÓMICAS E ALTERNATIVAS DE DIVERSIFICACIÓN

Os días 27 e 28 de xuño tivo lugar en Barcelona a primeira mesa convocada pola Comisión de Medidas Socioeconómicas, na que se efectuou unha primeira toma de contacto co

guión elaborado por esa comisión. Recompiláronse opinións e datos sobre as *medidas alternativas de diversificación do sector pesqueiro*.

No mes de setembro o traballo desta comisión tivo lugar en Santander os días 12 e 13, onde se tratou todo o relacionado coa formación pesqueira regrada, ocupacional e continua.

O 22 de outubro, en Madrid, o interese trasladouse ao *desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras costeiras*. Algúns dos temas que se trataron nesta mesa foron as iniciativas comunitarias EQUAL e LEADER, as estratexias de desenvolvemento local e as asociacións de desenvolvemento, os grupos de acción local e o aproveitamento da súa experiencia de cara aos grupos locais (FEP).

O programa da mesa da Comisión de Medidas Socioeconómicas está previsto que finalice no mes de novembro cunha última mesa en Bilbao onde se lle presentarán ao sector todas as conclusións obtidas nas xornadas técnicas que tiveron lugar anteriormente. Pero, sen dúbida, o prato forte dentro dos labores de recompilación de información e de posta en común desta comisión foi o Seminario de Medidas Socioeconómicas, que tivo lugar en Barcelona os días 26 e 27 de setembro. Aquí, o *Libro blanco de la pesca* alcanzou a súa dimensión máis internacional. A este seminario achegaron relatorios sobre a xestión de medidas socioeconómicas varios países europeos (Dinamarca, Francia, Grecia, Italia, Polonia, Portugal e o Reino Unido) e dúas comunidades autónomas (Galicia e Cataluña).

5. ASUNTOS PESQUEIROS INTERNACIONAIS

Nesta comisión recolléronse, por exemplo, algunhas consideracións de grande interese que cómpre ter en conta:

- 1) As organizacións e as asociacións profesionais da pesca insisten no investimento e na consolidación na constitución de sociedades mixtas en terceiros países onde se subscribiran acordos pesqueiros.
- 2) O apoio á política negociadora da Unión Europea para impulsar a defensa dos intereses comunitarios e, en particular, dos españois, durante as novas roldas para alcanzar acordos con países do Pacífico, do Índico e do Atlántico.
- 3) A participación nas organizacións rexionais da pesca (ORP), onde España intervéñe con carácter individual ou no ámbito comunitario, para que dentro destas estruturas os intereses dos armadores e dos empresarios españois poidan operar con garantías e atopar focos de negocio, así como contribuír á xeración de emprego e de riqueza, sempre ao abeiro dunha lexislación internacional laboral e social xusta.
- 4) As demandas do sector para unir esforzos na cooperación internacional e para colaborar coas ORP desexan fundamentarse en función de tres eixes básicos: a sostibilidade ecolóxica, a rendibilidade financeira e a responsabilidade social dos armadores españois.

6. INVESTIGACIÓN+DESENVOLVEMENTO+INNOVACIÓN

A Comisión de I+D+i, á hora de traballar, diferenciou nas súas mesas a temática de investigación propiamente dita do desenvolvemento e da innovación. De acordo con esta proposta, convocáronse os principais organismos e entidades relacionados coa investigación pesqueira do noso país para o día 14 de xullo en Vigo a fin de retratar o estado da investigación pesqueira española. A esta cita acudiron representantes do Instituto Español de

Oceanografía (IEO) –do IEO de Vigo, do IEO de Madrid e do IEO de Málaga–, do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e da Universidade de Vigo.

A temática correspondente a Desenvolvemento+Innovación levouse á mesa que tivo lugar os días 21 e 22 de xullo no Centro Canario de Ciencias Mariñas (ICCM) das Palmas de Gran Canaria. A esta reunión acudiron como organismos públicos de investigación expertos na oferta tecnolóxica: o Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), o propio Instituto Canario de Ciencias do Mar, o Instituto Español de Oceanografía de Vigo, o Instituto Universitario de Estudos Marítimos da Universidade da Coruña e a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Montes.

Dentro da oferta tecnolóxica, pero no ámbito dos institutos tecnolóxicos, tamén asistiron o Clúster da Acuicultura, o Instituto do Frío do CSIC, Tecnalia-Azti e o CSIC-Barcelona.

As conclusións derivadas desta mesa revisáronse na última mesa de Desenvolvemento e Innovación, que tivo lugar no Centro de Seguridade Mariña Integral *Jovellanos* de Xixón os días 3 e 4 de outubro.

A Comisión de Control, Inspección e Vixilancia fixou a súa xornada técnica para os días 20 e 21 de setembro en Madrid. Pola súa parte, a Comisión de Estructuras aínda non fixou as datas definitivas das súas mesas.

Os traballos de elaboración do *Libro blanco de la pesca* atópanse, xa que logo, no seu cénit. As mesas están demostrando ser a ferramenta idónea para lles dar cita aos principais actores a fin de que, coas súas contribucións, que se revelan fundamentais, constrúan un retrato multilateral preciso da pesca española. Con todos estes testemuños, opinións e datos, un equipo de redacción especializado encargárase de confeccionar o que será o *Libro blanco de la pesca* propiamente dito, que reunirá as principais conclusións que se debateron amplamente co sector pesqueiro, coas comunidades autónomas e cos axentes sociais.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Secretaría Xeral de Pesca Marítima buscaron desde os inicios do proxecto estimular a vontade de colaboración de todos os interesados para que contribúan á mellora do noso sector pesqueiro, porque para o éxito do proxecto a interrelación entre actores –asociacións, empresas, organismos oficiais e mesmo entre as propias comisións– é fundamental.

Ademais, o *Libro blanco* conta cun foro aberto para que todos os interesados expresen as súas opinións sobre o presente e sobre o futuro da pesca no noso país na súa páxina web (www.mapa.es/es/pesca/pags/libropes/libroblanco.htm).